

ANUNCIO

CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda de Promoción Interna, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de Inspector do corpo da Policía Local incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Non presentadas alegacións ao **segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica,**

A valoración total do proceso selectivo é a seguinte:

ASPIRANTE	ANCELA GONZÁLEZ, PEDRO JOSÉ		***2744**	Total ponderado
Concurso	Primeira proba (tipo test)	Segunda proba (práctica)	Total	
12,40	7,55	7,00	26,95	6,432

O Tribunal acorda:

Á vista do resultado acadado, o tribunal propón que a Alcaldía nomee a Pedro José Cancela González, con DNI ***2744**, como persoal funcionario en prácticas nunha praza de Inspector do Corpo da Policía Local do Concello de Carballo (Grupo A, Subgrupo A2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Policía Local, da escala Executiva, categoría Inspector.

Consonte ao indicado na **Base Décimo Cuarta** (*Acreditación dos requisitos esixidos*) das Bases Xerais e Bases Específicas do presente proceso selectivo,

No prazo máximo de **VINTE (20) DÍAS HÁBILES**, contados desde o día seguinte a publicación das listaxes de aprobados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, as **persoas aspirantes propostas para o nomeamento deberán presentar a documentación xustificativa** do cumprimento das condicións de capacidade e dos requisitos esixidos na convocatoria, consonte ao indicado na **Base Décimo Cuarta** (*Acreditación dos requisitos esixidos*) das Bases Xerais e Bases Específicas do presente proceso selectivo.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Consonte ao indicado na **Base Décimo Quinta** (*Nomeamento como persoal funcionario en prácticas e toma de posesión*) das Bases Xerais e Bases Específicas do presente proceso selectivo,

*«Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, a Alcaldía decretará o nomeamento como **persoal funcionario en prácticas na categoría de inspector** á persoa aspirante proposta.*

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000021

O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo **dun (1) mes**, contado desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a formula de xuramento en cargos e funcións públicas.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito á percepción económica correspondente. »

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

A Secretaria
Marina Núñez Orjales